



Antonio Iglesias Otero proclámase Campión Provincial de A Coruña de Compak Sporting

O pasado día 4 de maio tiña lugar no campo de tiro "Rio Sar" sito en Chaián (Trazo), o Campionato Provincial de A Coruña de Compak Sporting, organizado pola Federación Galega de Caza en A Coruña en colaboración coa Sociedade Deportiva "Rio Sar".

Un total de 34 tiradores participaban na proba que se disputaba a 100 pratos, sendo Antonio Iglesias Otero o gañador ao derrubar un total de 90 pratos, e por tanto proclamábase Campión Provincial. Segundo clasificado era José Luis Sánchez Mancebo quen remataba a proba con 88 pratos escachados; e na terceira posición quedaba Manuel García Pombo, con 85 pratos.

Na categoría de veteranos, vencía Angel Mosquera Rodríguez ao escachar 74 pratos, mentres que Manuel Martín Boedo facía o propio na categoría de superveteranos con 58 pratos.

Así pois os cinco primeitos clasificados absolutos foron:

Pos.	Tirador	Pratos
1º	Antonio Iglesias Otero	90
2º	José Luis Sánchez Mancebo	88
3º	Manuel García Pombo	85
4º	Roberto Rodríguez Fernández	85
5º	Diego Antelo Noya	84

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com